

## SEMINARIO

# “A expansión do románico en Galicia”



**DOCENTE:** Victoriano Nodar Fernández

**DATAS:** 14 e 21 de novembro de 2024 parte teórica e 28 de novembro saída

**HORARIO:** 10:30 a 12:30 horas

**LUGAR:** Arquivo Histórico Universitario

**Prezo da matrícula:** 30 € (alumnado IV Ciclo)

34,50 € (alumnado externo) +20,69 € (seguro de accidentes)

Por rigorosa orde ata completar o nº de prazas.

Nº Prazas: 25

**UNHA VEZ REALIZADA A MATRÍCULA, NON SE EFECTUARÁN DEVOLUCIÓNS AGÁS NO CASO DE SUSPENSIÓN DO SEMINARIO.**

**Prazo de matrícula:** dende o 2 de setembro

A preinscripción realizarase chamando ao teléfono 881 814 588 ou ben a través da secretaría virtual no seguinte enlace.

<https://sec-virtual.usc.es/Actividades/Matricula/SeleccionaActividade.asp?IdActividad=14178>

O mínimo de estudantes matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15.

### INTRODUCCIÓN

Durante o século XII a arte románica expándese por toda Galicia grazas a obradoiros itinerantes que constrúen ex novo un bo número de igrexas monacais e parroquiais.

Unha das tipoloxías máis habituais e estendidas entre os santuarios e mosteiros é a de planta basilical da que o exemplo máis antigo conservado é o de Santa María de Sar en Santiago de Compostela. Esta igrexa, iniciada en 1136, converteuse nun modelo que será repetido con diferentes variacións ó longo do territorio galego. Neste caso, o seminario abordará a difusión desta tipoloxía basilical na provincia de Ourense analizando casos como Xunqueira de Ambía, Augas Santas o Xunqueira de Espadanedo.

## **OBXECTIVOS**

Asentar os coñecementos sobre a arte románica

Profundizar no coñecemento do patrimonio artístico galego

Entender as vías de transmisión artística na idade media.

## **CONTIDOS**

Santa María a Real de Sar: construción e evolución dun modelo tipolóxico do románico galego

A expansión do modelo basilical por Galicia: Santa María a Real de Xunqueira de Ambía e Santa Mariña de Augas Santas.

## **METODOLOXÍA:**

O seminario concíbese como unha saída de estudos na que se combinan a parte práctica e a teórica. Iniciarase coa visita a Santa María de Sar para a continuación viaxar ata a provincia de Ourense para comprobar o impacto de Sar nas igrexas de Xunqueira de Ambía e Augas Santas.

## **BIBLIOGRAFÍA:**

Nodar Fernández, V., MuSar. Santa María la Real de Sar: Iglesia, claustro, museo, Fundación Catedral de Santiago, Santiago de Compostela, 2023.

Nodar Fernández, V., "La circulación de modelos en los paisajes del románico de Galicia: de Compostela a la Ribeira Sacra", Enclaves del románico hispano: conjuntos, peculiaridades y nuevas aportaciones, Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico, Aguilar de Campo, 2023, 91-123.